



## Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2023 DOS OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 19 de decembro de 2022, DOG nº 6, do 10 de xaneiro de 2023)

### 1. Antecedentes:

Por Resolución do 19 de decembro de 2022 (DOG nº 6, do 10 de xaneiro de 2023), publicáronse as bases reguladoras dos obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada para o ano 2023 e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Para a avaliación das 35 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos no artigo 4.4. das bases reguladoras da axuda:

1º Dimensión do proxecto. En función do número de empresas participantes (mínimo 6 empresas): 5 puntos por cada empresa por enriba do mínimo definido ata un máximo de 20 puntos. Obterase a puntuación máxima para 10 empresas participantes.

2º Calidade técnica do proxecto: ata 30 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros:

- i. Madurez da proposta en canto á definición da temática e obxectivos do espazo de encontro. Ata 20 puntos.
- ii. Diversidade en canto á posición na cadea de valor sectorial das empresas participantes. Ata 5 puntos.
- iii. Propostas concretas de colaboración co Igape na difusión dos resultados dos proxectos. Ata 5 puntos.

3º Sector ou ámbito de actividade no que se desenvolva o proxecto: 20 puntos, que se outorgarán a proxectos sectoriais onde a maioría das empresas ás que está dirixido o obradoiro pertencen a un dos sectores prioritarios definidos na Axenda de Competitividade:

- i. Estratéxicos: agroalimentación, produtos do mar e acuicultura, automoción, enerxías renovables, madeira/forestal, naval/industria marítima, pedra natural, téxtil-moda.
- ii. Emerxentes e de alto potencial: aeronáutico/aeroespacial, industria da saúde e do benestar, industrias creativas, biotecnoloxía, novos materiais, ecoindustria, TIC.

4º Experiencia do organismo intermedio na xestión de proxectos colaborativos nos 3 anos inmediatamente anteriores á solicitude de axuda: 3 puntos por cada proxecto de dinamización de grupos finalizado con resultados cuantificables e 1 punto por cada proxecto finalizado noutra temática ata un máximo de 30 puntos.

En caso de empate nas puntuacións, decidírase a favor do proxecto que obtivese máis puntos na valoración do criterio 2º. Se aínda así seguise existindo empate, decidírase pola maior puntuación nos criterios 1º, 3º e 4º, por esa orde. En caso de persistir o empate, determinarase a precedencia polo número de expediente máis baixo. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 35 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SOSTIBILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA, con data 26/05/2023.

### 2. Resolvo:



**Primeiro.** Aprobar a concesión das subvencións ás 17 persoas beneficiarias que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada unha delas e que supoñen un total de 306.978,37 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

**Segundo.** Denegar as 14 solicitudes presentadas polas persoas interesadas que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

**Terceiro.** Arquivar sen máis trámite as 4 solicitudes relacionadas no anexo III polas causas sinaladas no mesmo.

**Cuarto.** Aprobar as condicións particulares para cada persoa beneficiaria derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos.

**Quinto.** Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (apartado "Resolucións definitivas" <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 12.3 das bases reguladoras.

Habilítase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

### 3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

### Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director xeral do Igape	Fernando Guldrís Iglesias	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina



## ANEXO I

### Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2023 DOS OBRADOIROS MULTIDISPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 19 de decembro de 2022, DOG nº 6, do 10 de xaneiro de 2023)

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG239.2023.1.16	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA ( CEAGA) (G36983575)	TALLER DIRECTIVO: "LA AUTOMOCIÓN: UN SECTOR SOSTENIBLE"	96,00	30/06/2024	30/06/2024	25.000,00	100,00	25.000,00
IG239.2023.1.17	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA ( CEAGA) (G36983575)	TRANSFORMACIÓN DIGITAL EN EL SECTOR DE LA AUTOMOCIÓN	96,00	30/06/2024	30/06/2024	25.000,00	100,00	25.000,00
IG239.2023.1.25	ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO (G15710338)	Trasformación Estratégica del Sector Naval.	95,00	30/06/2024	30/06/2024	23.583,39	100,00	23.583,39
IG239.2023.1.3	CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP) (G36615219)	TALLERES DIGITALIZACION INDUSTRIA 4.0 SECTOR ECOINDUSTRIA	93,00	30/06/2024	30/06/2024	20.454,50	100,00	20.454,50
IG239.2023.1.9	ASOCIACIÓN CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA (G32290439)	EXPLORACIÓN DE TECNOLOXÍAS DATA A TRAVÉS DA PRACTICA	88,00	30/06/2024	30/06/2024	15.954,05	100,00	15.954,05
IG239.2023.1.4	CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP) (G36615219)	OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA	85,00	30/06/2024	30/06/2024	22.049,50	100,00	22.049,50
IG239.2023.1.8	ASOCIACION DE EMPRESAS DE TECNOLOGIA DE GALICIA	OBRADOIROS PARA LA DIGITALIZACIÓN, SOSTENIBILIDAD Y LOGÍSTICA AVANZADA EN EL	84,00	30/06/2024	30/06/2024	12.262,10	100,00	12.262,10



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
	(G36969525)	SECTOR AGROALIMENTACIÓN DE GALICIA						
IG239.2023.1.34	ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA (G94194594)	Obradoiro para o impulso do transporte conectado, sostible e multimodal dos sectores de gran volume	83,00	30/06/2024	30/06/2024	12.000,00	100,00	12.000,00
IG239.2023.1.22	CONFEDERACIÓN INDUSTRIAS TEXTILES DE GALICIA (G36681039)	Tejiendo hilos hacia la digitalización	80,00	30/06/2024	30/06/2024	19.565,80	100,00	19.565,80
IG239.2023.1.24	CONFEDERACIÓN INDUSTRIAS TEXTILES DE GALICIA (G36681039)	OBRADOIRO – MARKETING DIGITAL PARA LA INDUSTRIA 4.0: UN NUEVO PARADIGMA	80,00	30/06/2024	30/06/2024	19.565,70	100,00	19.565,70
IG239.2023.1.12	CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE LUGO (G27019793)	Herramientas digitales avanzadas en el agroalimentario	79,00	15/11/2023	30/06/2024	20.032,00	100,00	20.032,00
IG239.2023.1.10	CLÚSTER GALLEGO DE LA INDUSTRIA Y SERVICIOS ENERGÍAS RENOVABLES (G70284120)	OBRADOIROS	73,00	30/06/2024	30/06/2024	20.660,00	100,00	20.660,00
IG239.2023.1.7	ASOCIACION DE EMPRESAS DE TECNOLOGIA DE GALICIA (G36969525)	OBRADOIROS PARA LA DIGITALIZACIÓN, SOSTENIBILIDAD Y LOGÍSTICA AVANZADA EN EL SECTOR DE LOS PRODUCTOS DEL MAR Y L ACUICULTURA DE GALICIA	68,00	30/06/2024	30/06/2024	12.262,10	100,00	12.262,10
IG239.2023.1.30	ASOCIACIÓN CLUSTER DEL GRANITO (G36644961)	Exploración de tecnologías DATA a través del entrenamiento práctico guiado. Taller de aprendizaje	65,00	30/06/2024	30/06/2024	14.100,37	100,00	14.100,37



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG239.2023.1.28	ASOCIACIÓN BIOGA-CLUSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA (G70259312)	Data&Bio. Análisis, diagnóstico y propuestas de mejora en la aplicación de sistemas y tecnologías DATA en empresas Bioga	64,00	30/06/2024	30/06/2024	13.588,86	100,00	13.588,86
IG239.2023.1.23	ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL (G27877166)	Solucións de Intelixencia Artificial para a industria de Galicia (INGALIA)	63,00	30/06/2024	30/06/2024	15.450,00	100,00	15.450,00
IG239.2023.1.26	ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL (G27877166)	Solucións de Ciberseguridade para a industria de Galicia (CYBERINDUSTRY)	63,00	30/06/2024	30/06/2024	15.450,00	100,00	15.450,00

**TOTAL:**

**306.978,37**



## ANEXO II

### Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2023 DOS OBRADOIROS MULTIDISPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 19 de decembro de 2022, DOG nº 6, do 10 de xaneiro de 2023)

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG239.2023.1.2	CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA (G42740837)	Sistemas y tecnologías DATA en empresas del Clúster Industria Deporte Galego OBRADOIRO DE ANÁLISIS Y PRIORIZACIÓN DE INTERÉS	Incumprimento do artigo 4.2 das bases reguladoras. Estas axudas están suxeitas ao réxime de mínimos, segundo o Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Neste caso o petionario superou o límite establecido.
IG239.2023.1.5	CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA (G42740837)	Nuevos modelos de negocio. Herramientas tecnológicas para la captación y fidelización de nuevos clientes vinculados al ejercicio físico para la salud	Incumprimento do artigo 4.2 das bases reguladoras. Estas axudas están suxeitas ao réxime de mínimos, segundo o Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Neste caso o petionario superou o límite establecido.
IG239.2023.1.6	CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA (G42740837)	Tecnologías aplicadas para responder a los nuevos desafíos en la gestión de negocios deportivos y en contextos de incertidumbre.	Incumprimento do artigo 4.2 das bases reguladoras. Estas axudas están suxeitas ao réxime de mínimos, segundo o Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Neste caso o petionario superou o límite establecido.
IG239.2023.1.11	FEDERACION PROV. DE EMPRESARIOS DE HOSTELERIA (G36614907)	OBRADOIRO 4.0. SISTEMAS Y TECNOLOGÍAS PARA AHORRO ENERGÉTICO, CIRCULARIDAD Y SOSTENIBILIDAD EN HOSTELERÍA Y RESTAURACIÓN	Incumprimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 47 puntos.[ DIM=20 ; CALI=20 ;SECTOR=0; EXPE=7]
IG239.2023.1.14	ASOCIACION GALEGA DE ARIDOS (G36345718)	OBRADOIROS DE DIXITALIZACIÓN Á INDUSTRIA 4.0 NO SECTOR DOS ÁRIDOS	Incumprimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 56 puntos.[ DIM=20 ;



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			CALI=12 ;SECTOR=20; EXPE=4].
IG239.2023.1.15	ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE MATERIALES PARA LA CONSTRUCCION (ASEMACO) (G36796779)	Este proxecto es un espacio en el que participan empresas asociadas de Asemaco para compartir problemáticas comunes, formarse e informarse en posibles alternativas tecnológicas a esas problemáticas y explorar soluciones compartidas, para conocer con enfoque práctico algunas tecnologías DATA 4.0 aplicadas al proceso productivo y valorar su aplicación, especialmente relacionada con la información para la toma de decisiones.	Incumplimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 42 puntos.[ DIM=20 ; CALI=22 ;SECTOR=0; EXPE=0].
IG239.2023.1.18	ASOCIACIÓN CULTIVOS BAIXO MIÑO, ACUBAM (G94078961)	ESPAZOS DE ENCONTRO ENTRE EMPRESAS - Obradoiros multidisciplinares	Incumplimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 58 puntos[ DIM=20 ; CALI=12 ;SECTOR=20; EXPE=6].
IG239.2023.1.19	ASOCIACIÓN CULTIVOS BAIXO MIÑO, ACUBAM (G94078961)	FORTALECEMENTO DO SECTOR AGROALIMENTARIO DA COMARCA DO BAIXO MIÑO	Incumplimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 58 puntos[ DIM= 20; CALI=12 ;SECTOR=20; EXPE=6].
IG239.2023.1.20	ASOCIACION EMPRESARIAL DE ADEGAS DO ROSAL (G36563005)	Libro Verde	Incumplimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 47 puntos [ DIM=15 ; CALI=10 ;SECTOR=20; EXPE=2] .
IG239.2023.1.27	ASOCIACIÓN BIOGA-CLUSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA (G70259312)	TRAZABILIDAD Y SEGURIDAD DEL DATO EN EL SECTOR BIOTECNOLÓGICO GALLEGO	Incumplimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 50 puntos [ DIM=0 ; CALI=16 ;SECTOR=20; EXPE=14].
IG239.2023.1.29	CEGASAL (G15616287)	IMPULSO A DIXITALIZACIÓN E SOSTENIBILIDADE NOS CENTROS ESPECIAIS DE	Incumplimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 33 puntos [ DIM=20 ;



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
		EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL	CALI=10 ;SECTOR=0; EXPE=3].
IG239.2023.1.32	CEGASAL (G15616287)	TALLER DE INNOVACIÓN PARA NOVAS LIÑAS DE NEGOCIO	Incumprimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 33 puntos [ DIM=20 ; CALI=10 ;SECTOR=0; EXPE=3].
IG239.2023.1.33	ASOCIACION DE EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA - AEIGA (G32369506)	Obradoiros Pegada de Carbono	<p>Incumprimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 38 puntos [ DIM=20 ; CALI= 16;SECTOR=0; EXPE=2].</p> <p>Incumprimento do art. 3.1 c) 2º das bases reguladoras da axudas.Para poder subvencionar o 100% do orzamento total como gastos de persoal do Organismo Intermedio debe acreditar unha experiencia mínima de 3 proxectos de dirección e dinamización de grupos desenvolvidos con persoal propio nos 3 anos inmediatamente anteriores á solicitude da axuda, circunstancia que non se da neste caso.</p>
IG239.2023.1.35	CEGASAL (G15616287)	TALLER DE METODOLOXÍA DE PROXECTOS ENFOCADA Á ECONOMÍA CIRCULAR	Incumprimento do artigo 4.4 das bases reguladoras das axudas. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados, circunstancia que non se da neste caso. A puntuación obtida é de 33 puntos [ DIM= 20 ; CALI=10 ;SECTOR=0; EXPE=3].





## ANEXO III

### Solicitudes archivadas

CONVOCATORIA 2023 DOS OBRADOIROS MULTIDISPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 19 de decembro de 2022, DOG nº 6, do 10 de xaneiro de 2023)

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de arquivo
IG239.2023.1.1	ASOCIACIÓN DIH DATALIFE HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE (G70603063)	Obradoiro DATA management	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG239.2023.1.13	VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR (G02881563)	SOLUCIONES AVANZADAS EN SOSTENIBILIDAD AMBIENTAL	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG239.2023.1.21	Asociación Ría de Vigo de Entidades Náuticas - ARIVEN (G27870443)	Plataforma dixital de comercialización conxunta	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG239.2023.1.31	CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA (G15029960)	Espazos de encontro de economía circular para o sector agroalimentario.	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN